

VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA DA ESCOLA Curso 2019-2020

Por conseguinte, convidámosvos a formar parte dun **grupo de colaboradores que de forma voluntaria participen na xestión e organización da biblioteca, así como en actividades de extensión cultural ou formación de usuarios**, favorecendo a formación de actitudes de colaboración e de solidariedade entre o alumnado galego no ámbito cultural.

Esta iniciativa parte do Programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS (Resolución do 10 de decembro de 2015 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria), onde se recolle a necesidade de que as bibliotecas escolares sexan un **espazo de convivencia e exercicio de cidadanía** ademáis dun punto de acceso aos recursos culturais.

Queres participar? Cubre a solicitude de alumnado colaborador da biblioteca na conserxaría da Escola e entrégaa antes do **25 de outubro**. O alumnado participante no programa o curso pasado terá prioridade.

COMPROMISOS DA BIBLIOTECA


- Establecer un calendario de tarefas e supervisar o traballo dos voluntarios.
- Facilitar unha formación básica ao alumnado colaborador.
- Outorgar unha certificación de recoñecemento do traballo realizado (mínimo 15 horas durante o curso 2018/19).
- Achegar a cada voluntario unha acreditación que o identifique como tal.

COMPROMISOS DOS VOLUNTARIOS

- Realizar as actividades de colaboración acordadas co Equipo da Biblioteca.
- Participar nas actividades formativas.
- Actuar de forma responsable, eficaz e solidaria.
- Respectar os dereitos das persoas integrantes da comunidade escolar.
- Coidar e facer bo uso dos materiais e recursos da biblioteca.

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

- Compromiso solidario e interese nas bibliotecas escolares.
- Referencias positivas por parte dos profesores da Escola.
- Certa flexibilidade horaria para traballar co Equipo da Biblioteca.



A biblioteca da Escola é de tod@s!

SOLICITUDE DE VOLUNTARIADO

Nome e apelidos:

DNI e data de nacemento:

Idioma (s) que estuda na EOI:

Niveis nos que está matriculado/a:

Grupo(s) nos que está matriculado/a (Especifique hora e días):

Profesor/a titor/a:

Enderezo electrónico:

Teléfono (s) de contacto:

Días e horas nos que estaría libre para participar no programa de voluntariado (se é posible, poña varias opcións para facilitar a distribución das horas, ánda que só terá que adicar una hora semanal):

Describa brevemente por que está interesado/a en colaborar na biblioteca: